

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Eudasio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 11.55 horas do día doce de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral accidental, Sr. Suarez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(543).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(544).- PRÓRROGA DE DIVERSOS CONTRATOS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE (SERVIZOS INFORMACIÓN, LUDOTECAS, PUNTO HOXE). EXPTE. 3133/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.05.2011, co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de

Fiscalización do 10-05-2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Autorizar a prorroga para o período comprendido entre o 15-05-2011 e o 14-05-2012 dos seguintes contratos:

- Asistencia técnica de Información Xuvenil da Concellería de Xuventude (expediente 2141-336).
- Asistencia técnica para a xestión do Punto Xove da Concellería de Xuventude (expediente 2142-336).
- Asistencia técnica para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia (expediente 2157-336).

2º.- O importe de cada unha das prorrogas, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

- Asistencia técnica de Información Xuvenil da Concellería de Xuventude (expediente 2141-336): 163.739,09 €, que se imputarán a partida 3370.227.99.03.
- Asistencia técnica para a xestión do Punto Xove da Concellería de Xuventude (expediente 2142-336): 73.289,79 €, que se imputarán a partida 3370.227.99.02.
- Asistencia técnica para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia (expediente 2157-336): 164.619,46 € que se imputarán a partida 3370.227.99.00”.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 12.00h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.